

NO PAZO DA CULTURA DE PONTEVEDRA O 26 DE SETEMBRO

## A Boa Vila de Pontevedra acollerá o 26 de setembro o VI Congreso de Escritores en Lingua Galega

Antón Alonso | Domingo, 20 de setembro de 2015, 10:31

ARCHIVADO EN | AELG PAZO DE CULTURA PONTEVEDRA

O Pazo da Cultura de Pontevedra acollerá o vindeiro 26 de setembro o **VI Congreso de Escritoras/es**, actividade da **Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega**, co apoio do **Concello de Pontevedra**, baixo o título '¿para que (quen) escribimos o futuro?'



A programación foi presentada o venres nunha comparecencia da concelleira de Cultura, Anxos Riveiro, e o presidente da Asociación, Cesáreo Sánchez Iglesias, quen destacou que "Pontevedra xa se converteu na capital da literatura infantil e xuvenil de Galicia".

Segundo explicou **Cesáreo Sánchez Iglesias** se constituirán seis grupos de traballo:

- Dereitos de autoría e profesionalización (**Francisco Castro**)
- A oralidade como soporte literario (**Antonio Reigosa**).
- O futuro da literatura dramática (**Afonso Becerra**)
- Novas formas de edición (**Rosalía Fernández Rial**).
- Lusofonia como renovada oportunidade (**Carlos Quiroga**)
- Formación de lectores/as (**Ledicia Costas**).

Pola súa banda, a edil recordou que "o Concello sempre está aberto para acoller actividades como a da Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega" así como outras actividades vinculadas, como as escolas de escritores que promoveu durante meses pasados a Concellaría en colaboración con escritores galegos do prestixio.

Ademais do encontro dos escritores galegos, unha cita para a que están confirmados 55 autores, **tamén haberá unha actuación musical aberta ao público por parte de "Xardín desordenado"**. Será ás 20,00 horas tamén no Pazo da Cultura.



# VI Congreso de Escritoras-es da AELG

*Para que(n) escribimos o futuro*

Pontevedra, 26 de setembro de 2015

Pazo da Cultura

10.15	Salón de actos. Presentación do Congreso Cesáreo Sánchez Iglesias, Anxos Riveiro e Mercedes Queixas Zas	
	<b>Seminario 1</b>	<b>Seminario 2</b>
10.30 - 12.00	A oralidade como soporte literario	Dereitos de autoría e profesionalización
12.30 - 14.00	O futuro da literatura dramática	Novas formas de edición
16.00 - 17.30	Lusofonia como renovada oportunidade	Formación de lectores/as
18.00 - 19.30	Salón de actos. Presentación da nova web da AELG e sesión conxunta de todos os grupos de traballo	
20.00 - 21.00	Salón de actos. Actuación musical aberta ao público: Xardín desordenado	



CONCELLO DE  
PONTEVEDRA